Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo
Rúa Autores da Rianxeira, s/n - Parque Galicia
15920 Rianxo (A Coruña)
Tlfs. 981 100 688 // 664 180 632
Fax 881 168 932
cultura@concelloderianxo.es

AULA DE CANTO

NOVEMBRO 2025-FEBREIRO 2026

Inicio: 06/11/2025

Remate: 19/02/2026

Destinatarios: Persoas adultas.

Número de participantes: 20 máximo.

Número de sesións: 14

Carga horaria presencial: 28 horas

Día e hora: Os xoves, de 16:00 a 18:00

Calendario: 6, 13, 20, 27 de novembro; 4, 11, 18 de decembro; 8, 15, 22 e 29 de xaneiro; 5, 12 e 19 de febreiro.

Localización: Centro Sociocultural-Auditorio (aula grande do 1º andar)

Docente: Esperanza Mara Filgueira Rama

Esperanza Mara Filgueira Rama (Noia, 1988). Licenciada en Violonchelo, pola Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo de Porto, Master en Canto (Intepretación de Música Antiga) pola Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo de Porto.

Matrícula: 50,00 €

Descrición:

INTRODUCCIÓN

A través deste curso pretendemos fomentar o convivio musical entre os nosos maiores para crear un sistema de benestar e de envellecemento activo que permita cultivar unha maior calidade de vida. Durante o curso aprenderanse diversos aspectos básicos técnicos da voz que permitiran un mellor autocoñecemento e disfrute do propio instrumento. Tamén traballamos aspectos como a música en conxunto para desenvolver o traballo en equipo e crear unha conciencia e cercanía co próximo.

OBXECTIVOS

- Aprender aspectos básicos sobre a voz
- Aprender cuestións básicas de música
- Desenvolver a escoita musical
- Desenvolver a interpretación musical en grupo

CONTIDOS:

BLOQUE 1 - Cuestións técnicas básicas do dominio da voz - Anatomía básica e postura - Respiración - A respiración como medio de expresión.

BLOQUE 2 - Cuestións técnicas básicas do dominio da voz - Anatomía básica Aprender aspectos básicos sobre a voz Aprender cuestións básicas de música Desenvolver a escoita musical Desenvolver a

interpretación musical en grupo - O aparello fonador: autocoñecemento - A fonación e as inflexións da voz - Cuestión básicas de música.

BLOQUE 3 - Cuestións ténicas do dominio da voz - O aparello resonador: autocoñecemento - Cuestións básicas de música.

BLOQUE 4 - Cuestións técnicas do dominio da voz - O aparello resonador - Inflexións da voz para a expresión de conceptos e/ou preconceptos - Cuestións básicas de música .

BLOQUE 5 - Cuestións técnicas da voz - O aparello articulatorio: autocoñecemento – Que debemos ter en conta para manter a voz saudábel? - O poder da voz na comunciación verbal: a voz como elemento expresivo .

METODOLOXÍA

Realizaranse presentación de material teórico a través de material de apoio ou presentacións e práctica dos conceptos aprendidos, así como preparación dunha pequena presentación pública como concerto de fin de curso.